

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19

SESION EXTRAORDINARIA DO 27 DE NOVEMBRO DE 2006

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Garrido González, Alicia

Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Figuroa Vila, José Manuel
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Losada Álvarez, Abel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as trece horas e quince minutos do día vinteseite de novembro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Figuroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro e Losada Alvarez. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

UNICO.(246) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión de data 23 de novembro de 2006, adoptou o seguinte acordo:

"O 25 de novembro foi declarado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, co obxectivo de implicar ós gobernos e ó conxunto de organizacións de carácter social na sensibilización a respecto do grave problema que constitúe a violencia de xénero.

É pois, unha data para a denuncia, de concienzación social, mais tamén un día para propiciar a reflexión e o compromiso de toda a sociedade galega sobre a violencia que se exerce contra as mulleres polo simple feito de ser mulleres.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero son pasos necesarios para loitar contra este fenómeno. Por iso queremos expresar hoxe, o apoio deste Concello de Vigo á iniciativa posta en marcha pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, de dotar ao noso país dunha Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero. Esperamos que a súa aprobación e desenvolvemento no ámbito galego, xunto coa lexislación estatal e o II Plan de acción municipal 2004/2007, serva para combater a violencia contra as mulleres e contribua dun xeito efectivo a diminuír e erradicar a persistencia desta clase de violencia.

As cifras de denuncias e mulleres asasinadas que se repiten ano tras ano, poñen de manifesto dunha maneira brutal, que non podemos baixar a garda e que se fai imprescindible a implicación de todas as institucións, asociacións e persoas na súa erradicación. Sabemos que nos enfrontamos a un problema estrutural, pero este feito non pode converterse nunha escusa para non actuar.

Cómpre unha implicación de todas as administracións no desenvolvemento de actuacións encamiñadas a previr e paliar esta situación. Debemos camiñar cara o compromiso de todos os homes e mulleres de Galicia para facer visible o rexeitamento ante calquera forma de violencia contra as mulleres.

Por todo isto, a Corporación Municipal de Vigo declara o seu firme compromiso de:

- Traballar na prevención da violencia contra as mulleres, poñendo en marcha actuacións que evidencien que a raíz deste problema está nas relacións de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres.
- Promover actuacións que conduzan ó afortalamiento da independencia económica, política e social das mulleres.

- Colaborar con outras institucións nas políticas destinadas a prestar atención ás vítimas, garantir a súa seguridade e apoiar a súa recuperación.
- Facer unha chamada a toda a cidadanía viguesa ó obxecto de que dende un compromiso solidario e activo rexeiten e loiten contra calquera manifestación de violencia de xénero ó supoñer estas un dos símbolos máis indesexables de desigualdade existentes na nosa sociedade."

O secretario xeral do Pleno procede a ler o manifesto institucional que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Só un pequeno rogo. Xa marchou a prensa e estamos case sós. A próxima vez que teñamos algo ó respecto, facer este como primeiro Pleno, sería o idóneo para que así o puidera transmitir a prensa e facer un pouco máis de resoancia. Seguro que todos e todas estamos de acordo.

A PRESIDENCIA: Pola nosa banda estamos de acordo pero sempre se fixeron os Plenos extraordinarios logo dos ordinarios.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.